



Este cronista viviu un momento máxico durante un curso que a UIMP celebrou en Barcelona en 1993 ao que eu asistía. Xa tiña algunha relación con Xosé Filgueira Valverde, que participaba naquela actividade. Saudeino e nestas estabamos cando se achegou a nós Martí de Riquer. Daquela decidiron facer un aparte nunha das mesas da terraza e invitáronme a sentar con eles: non abrín boca mentres eles falaban dos seus vellos mestres.

Eran moitos anos de experiencia desde que Filgueira, estudante universitario ben novo, participou na fundación do Seminario de Estudos Galegos e amosou grande interese pola lírica medieval galego-portuguesa. Sen dúbida, a iso non foi alleo o maxisterio de Armando Cotarelo Valedor. Se ben xa en 1905 a crítica literaria galega podía estar ao corrente daquela lírica grazas á conferencia “Los trovadores gallegos” que Manuel Murguía pronunciou n’A Coruña, tive-

ron que pasar anos para que o galeguismo cultural se ocupase do asunto.

Temos que saltar a 1923 cando Manoel Fuentes Canal publicou no número 15 de *Nós* o texto espido dunha cantiga de Nuno Eanes Cerzeo. E de aí xa a 1925, cando Filgueira comeza a colaborar na revista ourensá cos traballos que presenta no Seminario de Estudos Galegos a partir de 1924: a lenda e mais a cantiga afonsí de San Ero (1925 e 1926; a conferencia “A paisaxe no Cancioneiro da Vaticana” (1927); “Martín Codax” (1931, comentando un artigo de J.J. Nunes en *Revista Lusitana*); unha antoloxía de cantigas que falan de Compostela, co gallo do Día de Galicia (1932).

Se exceptuamos as colaboracións de Filgueira, pouca atención máis prestou a revista *Nós* á lírica medieval galega: apenas os traballos de Magariños Negreira sobre Afonso Eanes do Cotón

Un medievalista pioneiro

Filgueira Valverde e os Cancioneiros

JOAQUIM VENTURA*

(1925), Cotarelo Valedor sobre o nome de Martín Codax (1933) e Paulino Pedret Casado sobre *Das origens da poesia lírica em Portugal*, de M.R.

Lapa, 1933). Por non atender, non se fixo eco sequera da espléndida obra de Eugenio López Aydillo *Los cancioneros gallego-portugueses como*



Vista aérea das illas de San Simón e Santo Antón.

fuentes históricas (1923).

Unha circunstancia que respondía aos límites que daquela tiñan os homes do galeguismo cultural e así o expresaba Otero Pedrayo nunha carta a Filgueira de 1927 na cal recoñecía, en referencia probablemente ao

Cancioneiro da Vaticana, que «non o atopei nin na casa de D. Marcelo, nin na Biblioteca da Comisión de Moimentos [...] non teño libro ningún de D^a Carolina. En Portugal non s’atopa ningún. Nin siquiera estudos completos (...)».

Antes da Guerra Civil, Filgueira Valverde tamén publicou en xornais algúns artigos sobre lírica medieval e acadou o cumio da súa erudición xuvenil coa lectura en 1935 da súa tese de doutoramento sobre a cantiga CIII do cancionero mariano de Afonso X. Rematada a contenda e superados os momentos máis turbulentos, Filgueira retomou a súa actividade investigadora.

Así, publicou *Nuevos rastros documentales de juglares gallegos* (1944) e *El Planto en la Historia y en la literatura gallega* (1945); artigos divulgativos en prensa, como “Compostela nos nosos vellos Cancioneiros” ou ensaios, como *Formas paródicas en la lírica medieval gallega* (1947) ou o capítulo correspondente na *Historia General de las Literaturas Hispánicas* (1949) que dirixiu Guillermo Díaz-Plaja.

Seguiron máis traballos e conferencias sobre Pedro Anes Solaz, Paro da Ponte, a poesía de santuarios, a muller nos cancioneros medievais e, moi especialmente, sobre as cantigas de Santa María. Eran tempos limitados para a nosa lírica medieval en Galicia e Filgueira Valverde atopou o interese dalgúns escritores galegos, como Xosé María Álvarez Blázquez. Era remar contra corrente nas miserias económicas do momento e a ausencia de estudos galegos na universidade á espera das novas xeracións.

*Membro da Asociación de Críticos Literarios. Doutor en Filoloxía Románica

Contigo hay buena energía

Cuando disfrutas de la naturaleza, descubres la importancia de respetarla. Eso es buena energía.

En Iberdrola nos inspiramos en personas como tú.

Más del 90% de la energía que generamos en España está libre de CO₂.

Y eso también es buena energía.



ADOP
Patrocinador
del Equipo
Paralímpico
Español



IBERDROLA